

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27/09/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **27/09/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 13 de Setembro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes. -

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

"Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Aprobar o Modificado do Proxecto de Execución redactado por parte do Arquitecto, Henrique Ferro Cruz, Colexiado 1608212.4 de data Abril 2018 visado o 4 de Maio de 2018 que consta no expediente, para levar a cabo a Rehabilitación dunha edificación existente nunha parcela con Referencia Catastral 8607702MH7580N0001MT que na actualidade conta coa preceptiva Licenza Urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 28 de Xullo de 2016 a nome do Promotor Henrique Ferro Cruz.

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MIRIAM LAGO DOMINGUEZ, (Rexistro Xeral de Entrada 997 de 19 Abril 2018) para proceder á realización de obras consistentes no Acondicionamento Interior dun Baixo e parte da primeira planta coa finalidade de dedicar a Estanco nunha edificación (Referencia Catastral 8609118MH7580N0001AT) en base a Memoria Técnica redactada por parte da Arquitecta, Encarna Balayo Caamaño, visada con data 10 de Setembro de 2019 que consta no expediente,

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

Así mesmo, unha vez rematadas as Obras presentarase comunicación previa para apertura do establecemento sen mais requisitos que os datos de identificación da persoa titular, certificado final de Obra asinado por Técnico competente e un Informe determinativo de cumprir cos requisitos indicados no Artigo 12 de Decreto 106/2015 de 9 de Xullo sobre contaminación acústica ou Declaración de que a actividade producirá un nivel sonoro igual ou superior, en calquera horario, a 75 Db .-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FERMINA MARTÍNEZ CASTREJE, (Rexistro de Entrada 1.314 de 23/05/2018) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas en cor verde claro ou ocre nunha vivenda (Referencia Catastral 8506721MH7580N0001TT) mediante a ocupación da vía pública nunha superficie de Sete metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Informe de data 21/09/2018 que consta no expediente .-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de AIN EMPRESA DE SERVICIOS PARA LA CONSTRUCCIÓN, S.L., con CIF B-15400419, e domicilio social na Avenida Martínez Pardo, 70 de Teixeira, Provincia de A Coruña (15310) - Rexistro de Entrada 1.382 de 30/05/2018 - para proceder á realización de obras consistentes na modificación do pavimento de acceso á estación do servizo de Repsol, sita na Avenida de Galicia de Fisterra (Referencia Catastral 8219820MH7581N0001TX).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, debendo axustarse o indicado na Memoria descritiva e Valorada asinada polo Enxeñeiro Industrial Jorge Núñez Ares de data 24/04/2018, así como ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Informe de data 24/07/2018 que constan no expediente.--

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO FARO, con CIF H15697485, e domicilio social na Rúa Federico Ávila, 24 desta Vila, (Rexistro de Entrada 1.911 de 5/07/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de canalóns e tella do país que se atopa deteriorada por outras novas, na edificación sita na citada Rúa (Referencia Catastral 8507408MH7580N0004UI) mediante a ocupación da vía pública con colector de obras.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de

Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MANUEL CASTREJE POMBO, (Rexistro de Entrada 1.822 de 28/06/2018) para proceder á realización de obras consistentes no lavado de canles e pintado do teito dunha vivenda (Referencia Catastral 000302400MH75D0001JQ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ROSA MARÍA CALVO TRABA, (Rexistro de Entrada 1.983 de 10/07/2018) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas en tonos claros dunha vivenda (Referencia Catastral 8702601MH7580S0001MD).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FRANCISCO MANUEL VAAMONDE CASTRO, (Rexistro de Entrada 855 de 6/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes no pintado da fachada lateral en cor beige, dunha vivenda plurifamiliar (Referencia Catastral 8612025MH7581S) mediante a ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de Catro metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO NAVEGANTE**, con CIF H-15842594 e domicilio social na Rúa Navegante, 3 desta Vila, (Rexistro de Entrada 2.622 de 14/09/2018) para proceder á realización de obras consistentes no mantemento da terraza existente para evitar filtracións de auga, nunha edificación sita na citada Rúa (Referencia Catastral 8704702MH7580S0004EH), mediante ocupación de vía pública nunha superficie de Cinco metros con andamios.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JOSÉ DOMINGO SILVA MARTÍNEZ**, (Rexistro de Entrada 2.015 de 12/07/2018) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas en tons claros dunha vivenda (Referencia Catastral 8309120MH7580N0001ET).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de RAMÓN DOMÍNGUEZ RIVERA (Rexistro de Entrada 2.384 de 16/08/2018) para proceder á realización de obras consistentes na construción de peche con valla nunha lonxitude de 21 metros por 1 metro de altura na parcela adxacente á vivenda (Referencia Catastral 8709218MH7580N0001UT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de RAÚL RODRÍGUEZ FIGUEIRA, (Rexistro de Entrada 2.584 de 11/09/2018) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado da fachada en cor ocre nunha vivenda con Referencia Catastral 8522108MH7582S0001FQ.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de LUÍS BUJEIRO LOURIDO, (Rexistro de Entrada 2.610 de 13/09/2018) para proceder ás obras de mantemento dun muro de Sete metros de longo por Un metro de altura existente nunha finca (Referencia Catastral 15038A503010200001FH).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data

21 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de CARLOS SAR VILELA, (Rexistro de Entrada 2.428 de 24/08/2018) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado da fachada posterior en cor branco dunha vivenda, mediante a ocupación da vía pública nunha superficie de Seis metros (Referencia Catastral 8609707MH7580N0001OT) .

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FRANCISCO ROMERO BUITURÓN, (Rexistro de Entrada 2.348 de 13/08/2018) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas en cor branco dunha vivenda mediante a ocupación da vía pública nunha superficie Seis metros (Referencia Catastral 8609701MH7580N0001QT),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de BINOCULARES TURÍSTICOS PANORÁMICOS, S.L. con CIF B39786496, e domicilio social Apartado de Correos, 10 (CP 39770) de Laredo - Cantabria (Rexistro de Entrada 3.433 de 24/11/2017), para proceder á instalación de dous binoculares turísticos panorámicos nas inmediacións do Faro de Fisterra do Termo Municipal de Fisterra.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas polo Servizo de Conservación da Natureza, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dependentes da Xunta de Galicia de datas 10/04/2018, 5/01/2018 e 20/11/2017 respectivamente así como as da Autoridade Portuaria de A Coruña de data 9/07/2018 que constan no expediente.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MANUEL CANOSA DOMÍNGUEZ, (Rexistro de Entrada 2.457 de 28/08/2018) para proceder á instalación do servizo de sumidoiros con destino a unha parcela sita na localidade de Ermedesuxo de Abaixo do Termo Municipal de Fisterra con Referencia Catastral 15038A502004970000DO, conectando coa rede xeral que pasa por esa zona.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 21 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

1.- Conexión coa rede de saneamento:

a. - Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

b.- Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

c.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro cunha cota non inferior a 40 cm da parte superior do pozo (da tapa de fundición), farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

d.- No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

e.- O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

f.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

g.- Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

2.- Conexión coa rede de abastecemento:

a.- A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1" en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

b.- Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o

registro non apoie no tubo guía. Como remate colocárase unha tapa de registro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “de Fisterra” e frecha de sentido de fluxo de auga.

c.- Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

d.- O interesado comunicárase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

e.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de RAMÓN MARCOTE SANTOS, (Registro de Entrada 2.108 de 20/07/2018) para proceder á realización de obras que son necesarias para a substitución dun tubo de saneamento con apertura de gabiá na vía pública nunha lonxitude de Un metro existente nesa zona (Referencia Catastral 8612027MH7581S0001GU).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, condicionada a que:

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Registro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.- Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c.- Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto

posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro Correspondente.

d.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e.- No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f.- O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer parelas ambas instalacións.

g.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h.- Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

l.- O interesado comunicarase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso e liña soterrada de Baixa Tensión con canalización na vía pública con destino a unha vivenda sita en Castro de Duio, 22 deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Miguel Ángel Bernal López de data 25/05/2018 que consta no expediente; condicionada a:

- 1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada desta Corporación.-.
- 2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado
- 3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.
- 4) Levar a cabo as cautelas arqueolóxicas requiridas pola Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria.
- 5) Presentación de Garantía mediante Aval Bancario ou metálico por importe de Setecentos corenta e seis euros con sesenta céntimos (746,60 €) co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-Tres euros con setenta e catro céntimos (3,74 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-Vinte e sete euros con corenta e dous céntimos (27,42 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

C) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación con data 26/09/2018, a Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a devolución da fianza imposta con data 27 de Setembro de 2018 nun importe Trescentos cincuenta euros (350,00 €) por parte de CARLOS TRABA FERNÁNDEZ, como consecuencia da licenza urbanística concedida no seu día para apertura de gabia, con motivo da realización das obras de conexión coa rede de abastecemento con destino a unha finca.-

D) Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL AGULLEIRO NOYA, (Rexistro de Entrada de data 17/04/2018) para proceder á colocación dun cartel publicitario sobre pilares metálicos na Rúa Federico Ávila (Referencia Catastral 8609124MH7580N0001GT),

Resultando que o Informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 26 de Setembro de 2018, determina que é Desfavorable a súa instalación ó pretender situalo nun espazo definido entre a estrada e as aliñacións establecidas polo planeamento vixente e clasificado como viario.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Denegar ó Promotor o título habilitante polas razóns antes expostas.-

5º.- Asuntos varios.-

AXUDAS SOCIAIS

-Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a D. L. P., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, ó tratarse de persoa carente de medios económicos.-

-Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a I. T. T., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Douscentos cincuenta euros (250,00 €) para adquisición de gafas (Óptica), ó tratarse de persoa carente de medios económicos.--

Deberá xustificar o gasto coa presentación da Factura correspondente expedida por establecemento autorizado antes do 31 de Decembro de 2018.-

CONTA XUSTIFICATIVA GASTOS SEMANA SANTA 2018

Á vista da Subvención outorgada por parte da Axencia de Turismo da Xunta de Galicia en Resolución dictada o 10 de abril de 2018 polo importe de Tres mil euros (3.000 €) e certificación expedida polo Secretario-Interventor que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

- 1) Acorda aprobar a conta xustificativa de pagos efectuados por un importe total de Nove mil corenta e sete euros con dezasete céntimos (9.047,17 €) .-
- 2) Remitir certificación deste acordo a citada Axencia a efectos de cumprir co disposto na citada Resolución.

ACTIVIDADES CLASIFICADAS TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA

A) Visto o expediente iniciado co número 2581 (RE) de 10/9/2018 por **Emilia Ferrio Insua**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar” que se localiza na rúa Mestre Barrera, 25 da localidade de Sardiñeiro de Abaixo deste termo municipal.

CONSIDERANDO: Que o pasado 10/11/2006, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Dario Núñez Blanco, licenza definitiva de apertura de “café bar” que se localiza na rúa Mestre Barrera, 25 da localidade de Sardiñeiro de Abaixo deste termo municipal.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Dario Núñez Blanco e Emilia Ferrio Insua.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de apertura de actividade presentada por Emilia Ferrío Insua, para o inicio da actividade de “café bar” que se localiza na rúa Mestre Barrera, 25 da localidade de Sardiñeiro de Abaixo deste termo municipal.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

VADOS PERMANENTES ALTAS

A) Visto o escrito presentado co número 2476 (RE) de 29/8/2018, por **Carmen Canosa Fernández**, no que solicita autorización para a instalar na parcela con referencia catastral 8203809MH7580S0001PD, un vado permanente de 4 metros de longo, que facilite a entrada e saída de vehículos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Conceder a Carmen Canosa Fernández, licenza para a instalación do vado permanente número 5/2018 (chapa número 129) de 4 metros de longo, para unha superficie interior de 61 a 120 m², coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos, condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vao deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

-Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2018, cunha cota anual de sesenta e sete euros (67,00 €).

-Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

-Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

-Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

B) Visto o escrito presentado co número 2451 (RE) de 27/8/2018, por **María Nieves Canosa Traba, no que solicita autorización para a instalar un vado permanente de 3 metros de longo, que facilite a entrada e saída de vehículos do garaxe que se localiza na pranta baixa do domicilio de residencia cunha superficie interior de 90 m² (referencia catastral número: 8506828MH7580N0001ET).**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Conceder a María Nieves Canosa Traba, licenza para a instalación do vado permanente número 6/2018 (chapa número 130) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 61 a 120 m², coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe, condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

-Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

-Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

-Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

-Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2018, cunha cota anual de sesenta e catro euros (64,00 €).

-Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

-Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

-Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.-

DEVOLUCION TAXA TERRAZAS

A) Visto o escrito presentado co número 2615 (RE) de 13/9/2018, por **Carlos Manuel Lagoa Quinteiro**, no que solicita a devolución de 200,00 €, toda vez no ano 2016 solicitou autorización para ocupar 20 m2 dunha terraza na rúa Federico Ávila desta vila e finalmente só pudo utilizar 10 m2 da devandita superficie.

Considerando: Que no expediente consta que o pasado 26/05/2016, o interesado ingresou a cantidade de 400,00 € na conta que este concello ten na oficina do Banco Pastor.

Considerando: Que no expediente consta informe emitido pola Policía Local o pasado 19/9/2018, do que se desprende a veracidade dos feitos descritos polo interesado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Acceder ao solicitado polo interesado e proceder á devolución de 200,00 € a Carlos Manuel Lagoa Quinteiro, que se ingresaran na conta corrente que indique o interesado.

2º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

INVENTARIO MUNICIPAL

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Dar por rematada a Terceira Fase dos traballos de rectificación do Inventario de Bens Municipais presentados por parte da Empresa adxudicataria PROCAT INGENIERIA Y MEDIO AMBIENTE S.L. con CIF B27712751.-

2) Aprobar a Factura número A 20180054 de data 25 de Setembro de 2018 expedida pola citada Empresa polo importe de Cinco mil catrocentos corenta e cinco euros (5.445,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:35 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.